


# Igrexa de Esteiro

## Guión:

Denominación  
Tipoloxía  
Localización  
Cronoloxía  
Descrición  
Edificio  
Datos históricos  
Historias e lendas  
Conservación



**Denominación:** Esteiro (Solleiros) Igrexa Vella



**Tipoloxía:** Igrexa

**Localización:**

Municipio: Muros

Parroquia: Esteiro

Rúa / Camiño: Solleiros/ Santa Mariña (26)



**Cronoloxía:**

O seu autor non está definido, o primeiro documento no que se fala da igrexa de Esteiro ten data do ano 830 (S.IX). O estilo desta igrexa é neoclásico do (S.XVIII) aínda que conserva partes de estilo románico. O seu campanario con forma de espadana encóntrase fóra do recinto da igrexa, está situado a uns 50m da mesma.





**Descrición:**


Esta construída basicamente en pedra co tellado de tella francesa. A súa porta principal ten forma rectangular. No seu pinche ten situado un crucifixo. Nela tamén encontramos seis ventás de escasas dimensións polo que apenas ten iluminación externa.





Dimensións:

- 1)7,90 m
- 2)13,80m
- 3)0,40m
- 4)6m
- 5)0,60m
- 6)3,60m
- 7)6,04m
- 8)2,40m
- 9)1,35m
- 10)6,50m aprox.



Na parte leste da igrexa encontramos dúas placas:



**Edificio:**

Esta igrexa ten tres arcos de medio punto sobre piares cadrados e adosados que sosteñen unha bóveda de canón máis estreito no altar. Posúe catro tallas de madeira: a Virxe das Dores, o Perpetuo Socorro, a Purísima Concepción e Santo Antón. No altar non ten retablo. O edificio está rodeado do cemiterio parroquial no cal se atopan campás e panteóns de ate douscentos anos.



### Datos Históricos:

Foi restaurada na década dos 70.

### Historias e lendas:

A lenda desta igrexa é que a santa chegou a principal praia de Esteiro en barco, alí nada máis chegar deixou unha pegada nas rochas e dende alí deu un paso ate onde está situado o Cristo de Solleiros. Contan algúns vellos que alí fixo un gran descanso. Dende alí deu outro paso ate onde está a igrexa. Dende ese día non se voltou a saber nada máis dela.

### Conservación:



Logo de ser restaurada na década dos 70 o seu estado de conservación é bo. Aínda que cando foi restaurada perdeuse gran parte da historia da igrexa. Excepto o campanario que está medio abandonado.





**Bibliografía:**

A Freguesía de Santa Mariña de Esteiro  
Xente do pobo  
O párroco

Feito por: Abel Lestón Lago, 4º ESO  
Muros, maio 2009